

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
 Dirección Xeral de Montes
 e Industrias Forestais

ANEXO III

DELEGACIÓN DE _____ Servizo de Defensa contra Incendios Forestais			SOLICITANTE _____ CONCELLO DE _____ PARROQUIA _____		
ORDE DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE DO _____ POLA QUE SE ESTABLECEN AXUDAS PARA A PREVENCIÓN E A DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS EN MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN			EXPEDIENTE N.º _____		
RELACIÓN DE BENEFICIARIOS AGRUPADOS, NO CASO DE NON ESTAREN LEGALMENTE CONSTITUÍDOS. Os beneficiarios, que abaixo asinan, dan a súa representación a:			NO CASO DE AGRUPACIÓN LEGALMENTE CONSTITUÍDA INDICAR:		
Don/Dona _____	DNI _____	NOME _____	NIF _____		
Nome e apelidos	DNI	Parroquia ou lugar onde se encontran os predios	Nº de predios	Superficie clasificada como MVMC	Sinatura

D/Dª _____, como representante dos peticionarios agrupados, declaro baixo a miña responsabilidade que os datos que figuran nesta solicitude son verdadeiros.
 Data e sinatura: _____

ANEXO IV

**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
AXUDAS PARA A PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS EN MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN	MA602C	AUTORIZACIÓN

AUTORIZO:

A Consellería de Medio Ambiente, para que, conforme o disposto no artigo 2.4º da orde do Ministerio de Economía e Facenda do 18 de novembro de 1999, solicite da Axencia Estatal de Administración Tributaria a subministración dos datos de carácter tributario a que se refire o artigo 5 da orde.

Así mesmo, cos requisitos sinalados no parágrafo anterior e no artigo. 18.1º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, de texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario, en materia de axudas e subvencións públicas, autorizo para que se solicite da Axencia Estatal de Administración Tributaria, da Consellería de Economía e Facenda e da Seguridade Social a información a que se refire o artigo 78.4º c) da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, en relación co cumprimento das miñas obrigas tributarias estatais, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social.

_____, ____ de _____ de 200__

(Sinatura do solicitante ou representante)

Asdo.: _____

Conselleiro de Medio Ambiente

ANEXO V

Definición e condicións técnicas mínimas das faixas auxiliares

Consistirán na roza e eliminación da parte aérea da matogueira existente nas marxes ou noiros de camiños forestais ou vías de diversa orde.

Realizaranse para iso pasadas paralelas en sentido lonxitudinal co tractor, conformando un largo teórico de 3 m/faixa, a ambas as dúas marxes do camiño, totalizándose unha superficie de 6.000 m²/km de percorrido.

Utilizarase como apeiro unha rozadora de coitelas de eixe horizontal en cabezal encaixado a un brazo hidráulico movido por un tractor eiruga ou de rodas de polo menos 100 CV.

Definición e condicións técnicas mínimas das áreas cortalumes

Consistirán na roza e eliminación da parte aérea da matogueira existente nas rodeiras sinaladas.

Realizarase mediante pasadas de ida e volta con tractor eiruga ou de rodas de polo menos 100 CV ao que se acoplará unha rozadora de cadeas ou de eixe vertical.

ANEXO VI

Definición e características técnicas mínimas que deberán cumprir as motorrozadoras

1. Definicións.

Ferramenta motorizada cortante, consistente nunha serra circular inserida no extremo dunha barra

ou lanza conectada a un motor. A barra é dirixida por un guiador ergonómico que posibilita o traballo do corpo en posición vertical.

2. Bases técnicas.

As motorrozadoras que se desexen adquirir serán novas, de recente fabricación, de tipo moderno e de primeira calidade.

Dado que este material se utilizará en duras condicións de traballo, as súas características básicas serán tales que reúnan unhas condicións de robustez, lixeireza, facilidade de manexo, conservación e mantemento que aseguren a máxima efectividade e duración do equipo.

2.1. Características técnicas do material.

Basicamente, o aparello estará constituído por un motor de dous ou de catro tempos, cun sistema anti-vibración que reduza a transmisión de vibracións orixinadas polo motor e pola ferramenta de corte en movemento e un sistema de acendido que garante un arranque fiable e un funcionamento do motor sen avarías.

Datos técnicos:

-Cilindrada mínima de 56,50 cc.

-Potencia mínima de 3,60 CV.

2.2. Grupo motor.

Estarán dotados dun motor de explosión de 2 ou de 4 tempos, cun sistema de filtros de aire que alongue os intervalos de limpeza e ofrezca unha protección fiable do motor.

Prestaráselle especial atención á relación peso/potencia.

2.3. Carburación.

Estará provisto dun carburador que sexa insensible a calquera posición de traballo con bomba de combustible incorporada.

2.4. Sistema eléctrico.

O sistema de acendido electrónico garantizará unha arrancada fiable e un funcionamento do motor sen avarías.

2.5. Silenciador.

Constarán dun silencioso adecuado para este tipo de motores de elevado número de r.p.m. e deberá especificarse na oferta o nivel de ruído que alcanza co motor a plena carga.

2.6. Refrixeración.

A refrixeración realizarase por circulación forzada de aire por medio de turbina, orientándose o fluxo sobre as aletas do cilindro e culata por medio de carenado; a toma de aire estará protexida por reixa.

2.7. Depósito de combustible.

Posuirá un depósito de combustible de fácil enchadura dotado de válvula de aireación e antiderrame e será transparente para poder controlar o nivel de consumo. O filtro de toma será de feltro ou outro material que permita unha longa duración deste e de fácil extracción e substitución.

No seu conxunto, estará debidamente illado do calor irradiado polo motor. Preferiranse aqueles equipos que precisen gasolina sen chumbo para protexer o medio e ademais non necesiten ser alimentados con mesturas de gasolina de octanaxe alta.

2.8. Arrancada.

A arrancada será manual por cable ou electrónico.

2.9. Embrague.

O dispositivo de embrague será automático, de tipo centrífugo e de longa duración; estará debidamente protexido contra a entrada de graxas, aceites e mestura de combustible vertido.

2.10. Accesorios de corte.

A motorrozadora virá provista dunha caixa redutora na que se poderán inserir os distintos elementos de corte. Serán facilmente substituíbles e disporase de ferramentas necesarias para realizar este recambio.

2.11. Proteccións.

Valoraranse especialmente aqueles dispositivos dos que veñan dotadas, como protectores para accesorios de corte así como o número e tipo de repostos que se entreguen con cada unidade.

2.12. Material.

Cada unidade virá dotada como mínimo de:

1 libro de instrucións de uso, mantemento e pezas de reposto.

1 xogo de ferramentas básicas de mantemento.

2 accesorios de corte para matogueiras e un para cortar arbustos e árbores delgadas.

1 arnés co seu cinto de porte.

ANEXO VII

Características técnicas mínimas que deberán cumprir as mangueras

O material será novo, de recente fabricación, de tipo moderno e de primeira calidade.

Dado que este material se utilizará en operacións de extinción, en duras condicións de traballo, as súas características básicas serán tales que reúnan unhas condicións de robustez, lixeireza, facilidade de manexo, conservación e mantemento, que ase-

guren a máxima efectividade e duración deste. Estas características son:

1. Constarán dun tubo flexible, exento de rixidez en todas as súas partes, formado por 4 capas, que ao entrar en carga adopte a sección circular. Os materiais nos que estea construído, así como o seu grosor, serán tales que esta armazón teña a resistencia necesaria para soportar polo menos unha presión de servizo de 45 bares, no caso de mangueras de 25 mm, e para tolerar unha presión de rotura de 90 bares, segundo o ensaio 4 da norma UNE 23091-2B. Ademais estes materiais serán impermeables.

2. Os semi-racores situados aos extremos de cada tramo serán simétricos, de tipo cola estriada, anti-corrosivos e de alta resistencia, e capaces de soportar presións de traballo de 45 kg/cm².

3. O tecido do armazón será de fibra pouco combustible e o suficientemente resistente para soportar a presión interior e os desgastes que, por arrastre ou fregamento contra o chan ou outros corpos, poida experimentar. O grao de elasticidade e de dilatación en ningún caso deberá ser superior ao 6%.

ANEXO VIII

Características técnicas mínimas que teñen que cumprir os vehículos todoterreo equipados para a prevención e defensa contra incendios forestais

Chasis.

Bastidor especialmente deseñado para a súa utilización en todoterreo, con todos os seus elementos distribuídos e/ou protexidos para que non se poidan danar nin extraídos accidentalmente por ramas ou outros elementos ao circular polo monte.

Cabina.

A cabina do vehículo todoterreo terá catro portas e cinco prazas homologadas.

Motor.

Potencia máxima non inferior de 100 CV nin o par máximo desenvolvido inferior a 24 m/kg.

Depósito de auga.

Depósito de auga de poliéster reforzado con fibra de vidro, con capacidade útil mínima de 400 l e dotado de tabiques dique para evitar voltas.

A lonxitude do depósito de auga non será superior ao 80% do longo da superficie carrozable.

Bomba.

Motor de accionamento de catro tempos, con arrancada eléctrica e manual para casos de emerxencia, con caixa redutora de revolucións do motor para o accionamento equilibrado da bomba de alta presión.

As características hidráulicas mínimas serán:

-Alta presión: P: 140 bar.

Q: 40 l/min.

A bomba accionarase electricamente con batería de 12V e de emerxencia manual «a tirón».

Comunicación.

Levará instalado un equipo de radiocomunicación móbil, extraíble, altavoz xunto ao cadro de mandos da bomba e antena, de acordo coas especificacións que determine a SXDCIF, así como un *kit* de mans libres para cumprir a normativa vixente ao respecto.

Matriculación.

Os vehículos terán que estar matriculados, estando todo debidamente autorizado e aprobado pola Inspección Técnica de Vehículos, no momento da entrega de toda a documentación acreditativa necesaria para o pagamento da subvención concedida, sendo por conta do beneficiario da subvención os gastos correspondentes de matriculación e paso da ITV.

ANEXO IX

Concellos incluídos en zonas de especial vixilancia e parroquias de actuación prioritaria

Provincia da Coruña

Concello	Parroquia
Ames	Biduído (Santa María) Bugallido (San Pedro)
Boiro	Abanqueiro (San Cristovo) Castro (Santa María)
Brión	Ánxeles (Os) (Santa María) Bastavales (San Xulián) San Salvador de Bastavales (San Salvador) Cornanda (Santa María)
Ferrol	Brión (Santa María) Serantes (San Salvador)
Lousame	
Narón	
Neda	Anca (San Pedro)
Padrón	
Pobra do Caramiñal (A)	Xobre (Santa María)
Porto do Son	Muros (San Pedro) Nebra (Santa María)
Ribeira	Aguíño (Nosa Señora do Carme) Carreira (San Paio) Castiñeiras (O Bo Pastor) Oleiros (San Martiño) Palmeira (San Pedro) Ribeira (Santa Uxía)
Rianxo	
Rois	
Santiago de Compostela	Castiñeiriño (O) (Nosa Señora de Fátima) Conxo (Santa María) Laraño (San Martiño) Vidán (Divino Salvador) San Paio (Santiago)
Teo	
Valdoviño	Meirás (San Vicente)
Vedra	Sales (San Xulián)

Provincia de Lugo

Concello	Parroquia
Abadín	Baroncelle (Santiago)
Cospeito	Roás (San Miguel)
Vilalba	

Provincia de Ourense

Concello	Parroquia
Allariz	
Amoeiro	
Baltar	Garabelos do Bouzo (Santiago) Niñodagua (San Lourenzo) Tosende (San Lourenzo)
Bande	Baños (Os) (San Xoán)
Blancos (Os)	Nocedo (San Cibrao)
Bola (A)	Berredo (San Miguel) Pardavedra (Santiago) Podentes (Santa María) Soutomel (Santa Locaía) Veiga (A) (San Munio)
Bolo (O)	Cambela (Santa María) Chao de Castro (San Martiño)
Calvos de Randín	Castelaus (San Martiño) Golpellás (San Xoán)
Carballeda de Avia	Abelenda das Penas (Santo André) Faramontaos (San Cosmede) Santo Estevo de Nóvoa (Santo Estevo)
Carballiño (O)	Arcos (Santa María) Partovia (Santiago) Señorín (San Roque)
Castro Caldelas	Camba (San Xoán) Castro Caldelas (San Sebastián) Folgozo (Santiago) Poboeiros (San Xoán) Trabazos (Santa Olaía) Sas de Penelas (San Fiz) Vilamaior de Caldelas (Santa María)
Cartelle	
Celanova	Ansemil (Santa María) Bobadela (Santa María) Castromao (Santa María) Celanova (San Rosendo) Orga (San Miguel) Rabal (San Salvador) Viveiro (San Xoán)
Cenlle	Esposende (Santa Mariña) Vilar de Rei (San Miguel)
Cualedro	Montes (Santa Baía) Rebordondo (San Martiño)
Chandrea de Queixa	Chaveán (San Bartolomeu) San Cristovo (San Cristovo)
Leiro	San Clodio (Santa María)
Lobeira	Santa Comba (San Trocado)
Lobios	Torno (San Salvador)
Manzaneda	Manzaneda (San Martiño) Placín (Santiago) Reigada (Santa María Madanela) Requeixo (San Bartolomeu) San Miguel de Bidueira (San Miguel)
Maside	Amarante (Santa María) Garabás (San Pedro) Santa Comba do Trevoedo (Sta. Comba)

Concello	Parroquia
Melón	
Merca (A)	Corvillón (Santa María) Olás de Vilarinho (Santa María) Proente (Santo André) Zarracós (Santo André)
Monterrei	Madanela (A) (Santa María)
Muíños	Barxés (Santa María) Cados (Santa María) Couso de Salas (Santiago) Maus de Salas (As) (Santa Baía) Muíños (San Pedro) Requiás (Santiago)
Ourense	Ceboliño (Bo Xesús) Arrabaldo (Santa Cruz) Untes (Santo Estevo) Santa Mariña do Monte (Santa Mariña) Montealegre (A Milagrosa) Rairo (Santa Lucía) Velle (Santa Marta)
Paderne de Allariz	Figueiredo (San Pedro)
O Pereiro de Aguiar	Melias (Santa María) Prexigueiró (San Salvador) Sabadelle (San Martiño) Vilarinho (Santa Cristina)
Pobra de Trives (A)	Castro (O) (San Nicolao) Cova (Santa María) Cotarós (Santiago) Encomenda (A) (Santo Antonio) Mendoia (Nosa Señora da Concepción) Pareisás (Santo Antonio) Pena Folenche (Santa María) Piñeiro (San Sebastián) Sobrado (San Salvador) San Lourenzo de Trives (San Lourenzo) Trives (Santa María)
Porqueira	Sobreganade (San Mamede)
Punxín	
Ribadavia	Sanín (San Pedro)
San Amaro	
San Cibrao das Viñas	Noalla (San Salvador)
San Xoán de Río	Cerdeira (Santa María Madanela)
Taboadela	Mesón de Calvos (O) (Santa María) Taboadela (San Miguel)
Teixeira (A)	Boazo (Santa María)
Toén	Feá (Santa María)
Viana do Bolo	Grixa (San Pedro) Quintela do Pando (Santa Isabel) Vilarmeao (Santo Antón)
Vilamarín	Sobreira (San Xoán) Viña (San Román)
Vilariño de Conso	Castiñeira (San Lourenzo) Mormentelos (Nosa Señora da O) Sabuguido (Santa María) San Cristovo (San Cristovo) Vilariño de Conso (San Martiño)
Xinzo de Limia	Gudín (San Miguel)

Provincia de Pontevedra

Concello	Parroquia
Arbo	Arbo (Santa María) Cabeiras (San Sebastián) Cequelinos (San Miguel) Mourentán (San Cristovo) Sela (Santa Mariña)
Barro	Barro (San Breixo) Valiñas (Santo André)
Caldas de Reis	Arcos da Condese (Santa Mariña) Godos (Santa María) Saíar (Santo Estevo)

Concello	Parroquia
Cambados	Cambados (Santa Mariña Dozo) Castrelo (Santa Cruz)
Cañiza (A)	Achas (San Sebastián) Cañiza (A) (Santa Tareixa) Couto (San Bartolomeu) Franqueira (Santa María) Parada de Achas (Santiago) Valeixe (Santa Cristina)
Crecente	Albeos (San Xoán)
Fornelos de Montes	Oitavén (San Vicente)
Marín	Campo (O) (Santa María) Mogor (San Xurxo)
Meaño	Covas (Santa Cristina) Padrenda (San Martiño)
Meis	Nogueira (San Lourenzo)
Mondariz	Frades (San Martiño) Gargamala (Santa María) Mondariz (Santa Eulalia) Riolfrio (San Miguel) Toutón (San Mateu) Vilar (San Mamede)
Mondariz-Balneario	Mondariz-Balneario (Ntra. Sra. de Lourdes)
Mos	Petelos (San Mamede) Tameiga (San Martiño)
Neves (As)	Batalláns (San Pedro) Liñares (Santa María) Neves (As) (Santa María) Ribarteme (Santiago) Rubíos (San Xoán) Taboexa (Santa María) Tortoreos (Santiago) Vide (Santa María)
Pazos de Borbén	
Poio	Poio (San Salvador)
Ponteareas	Angoares (San Pedro) Arcos (San Breixo) Fontenla (San Mamede) Guillade (San Miguel) Moreira (San Martiño) Ponteareas (San Miguel) Ribadetea (San Xurxo)
Pontevedra	Campaño (San Pedro) Canicouva (A) (Santo Estevo) Virxe do Camiño (A) (Virxe do Camiño)
Porriño (O)	Atios (Santa Eulalia) Mosende (San Xurxo) Pontellas (Santiago) Torreiros (San Salvador)
Portas	Briallos (San Cristovo) Lantaño (San Pedro) Portas (Santa María)
Redondela	Negros (Santo Estevo) Quintela (San Mamede) Vilar de Infesta (San Martiño) Viso (O) (Santa María)
Ribadumia	Leiro (San Xoán) Lois (San Fiz)
Salceda de Caselas	Budiño (Santo Estevo) Entenza (Santos Xusto e Pastor) Parderrubias (Santo Tomé) Picoña (San Martiño) Salceda (San Xurxo) Salceda (Santa María)
Salvaterra de Miño	Alxán (San Paio) Corzáns (San Miguel) Fiolledo (San Paio) Fornelos (San Xoán) Leirado (San Salvador) Lira (San Simón) Meder (Santo Adrián) Oleiros (Santa María) Pesqueiras (Santa Mariña) Porto (San Paulo) Salvaterra (San Lourenzo) Soutolobre (Santa Comba) Vilacoba (San Xoán)

Concello	Parroquia
Soutomaior	Arcade (Santiago)
Tui	Baldráns (Santiago) Ribadelouro (Santa Comba)
Vigo	Bembrive (Santiago) Castrelos (Santa María) Comesaña (Santo André) Coruxo (San Salvador)
Vilaboa	Figueirido (Santo André)
Vilagarcía de Arousa	Arealonga (Santa Eulalia) Bamio (San Xes) Cornazo (San Pedro) Sobradelo (San Salvador) Sobrán (San Martiño) Carril (Santiago de Fóra)
Vilanova de Arousa	András (San Lourenzo) Caleiro (Santa María) Deiro (San Miguel)

CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

Corrección de erros.-Orde do 7 de marzo de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de axudas a empresarios sen asalariados pola contratación do seu primeiro traballador fixo cofinanciado polo Fondo Social Europeo e se procede á súa convocatoria para o ano 2005.

Advertidos erros na citada orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* do xoves 10 de marzo de 2005, é necesario efectuar a seguinte corrección:

Na páxina 4.119, no terceiro parágrafo do artigo 6º, onde di: «Cando a dita contratación se realice con mulleres, a dita porcentaxe elevarase o 40%...», debe dicir: «Cando a dita contratación se realice con mulleres, a dita porcentaxe elevarase ao 40%...».

Na páxina 4.120, no artigo 10º, onde di «...requirirán o interesado para que,...», debe dicir: «...requirirán do interesado para que,...».

Corrección de erros.-Orde do 8 de marzo de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais e se procede á súa convocatoria para o ano 2005.

Advertido erro na citada orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* do xoves 10 de marzo de 2005, é necesario efectuar a seguinte corrección:

Na páxina 4.140 o anexo III debe substituírse polo que se insire a continuación.